

**Badás Fernández, X. (Co.), Lethes: Cadernos Culturais do Limia.
Centro Popular do Limia. Outono de 1999. N. °1**

**EDUARDO BREOGÁN NIETO MUÑIZ
NATALIA ESTÉVEZ CRUZ**

Lethes, con este nome coñecíase ó río Limia nos seus tempos máis lendarios, cando as lexións romanas aínda non puxeran pé no que logo florecería como Gallaecia. Con este nome tamén se denominou a estes cadernos culturais, que recollen artigos e traballos adicados ás rexións limiás, tanto desta beira da raia coma da beira portuguesa. Se por algo se caracteriza esta zona é pola súa riqueza histórica e cultural. Esta riqueza é a que fixo posible a publicación de Lethes. Neste primeiro número recóllense doce aportacións moi interesantes que nos acercan a zona da Limia, vexamos cales son:

Como non pode ría ser doutra maneira no primeiro artigo de Antonio Balboa Salgado aparece o mito do río Lethes. Este río coñecíase co nome de río do "esquecemento" xa que segundo a lenda o que o cruzaba non recordaba nada. Este feito levou a que a expedición romana de Bruto se negase a cruzar o río. Será éste o primeiro que cruce o río amosándolle ós soldados que o mito do río do esquecemento é falso.

Menos coñecido é o tema do Galo na cidade asolagada da lagoa de Antela. Este simbolismo é estudado por Castro Pérez e García Valdeiras. Éstes fan un percorrido pola historia para explicar a simboloxía do galo e a súa introducción no ámbito europeo. O feito de que o galo sexa importante na zona confírmase coa presenza de veletas con forma de galo nos tellados, sobre todo na

Limia e Norte de Portugal. Os autores conclúen que o galo é o animal solar por excelencia. Ademais o galo amosarásenos coma unha ave festiva xa que está presente en tódalas festas do ano. Como sabemos hoxe en día o galo forma parte do escudo municipal de Xinzo de Limia.

Moi interesante é a aportación que nos fai Martínez-Risco Daviña titulada "Identidade cultural e memoria colectiva na Limia". Neste artigo recóllese o significado dos chamados "pelouros" de Nocelo da Pena que tiñan para os habitantes propiedades máxico relixiosas e protexían os cultivos da saraiba.

O autor fai unha denuncia ante a desaparición destes "pelouros" pois a Comisión Provincial de Monumentos de Ourense ordeara o seu traslado ó museo a pesar da oposición dos veciños. Isto é un ataque contra o patrimonio cultural e un ataque espiritual. Sabemos que a pedra non ten valor máxico pero recolle as crenzas colectivas do noso pasado. É a modernidade contra a tradición, parece que non vale o progreso se non se destrúe o antigo, o tradicional, o que nos deu a nosa personalidade.

Denúnciase tamén a desaparición do patrimonio cultural e ecolóxico da comarca como consecuencia da desecación da lagoa da Antela. É un dos artigos máis reivindicativos do libro.

Outro artigo que segue esta liña reivindicativa é o de Manuel Rivero Pérez que nos fala do impacto que causou a construción do encoro das Conchas nas relacións sociais dunha serie de aldeas. O río pasou a converterse nunha barreira entre aldeas que convivían xuntas nun espacio de gran valor como era o de San Benito. Coa destrución deste espacio, aínda que a igrexa se trasladou a outro emprazamento, destruíuse tamén unha festa que servía de unión entre tódolos habitantes da zona e marcaba o tempo e a vida do lugar.

Para coñecer as características da Paisaxe da Limia temos os artigos de Elena de Uña Álvarez que recolle as características do solo e do clima e o artigo de José Manuel Guedes, que fai un estudio profundo das augas da zona. Son dous artigos que nos axudan a coñecer a zona de forma máis científica.

Rei Granha fainos un percorrido histórico do territorio portugués de Arcos de Valdevez.

Outro dos campos que se tocan neste primeiro caderno é o de arqueoloxía, que tanto proveito nos deu nestas comarcas e que tanto nos ten que ensinar aínda con respecto ós vestixios do noso pasado.

Así destaca a zona do Val do Salas polos seus megalitos. Nesta publicación aparece un artigo do arqueólogo que levou a cabo a excavación desta zona, trátase de Eguileta Franco. O mesmo arqueólogo móstranos como se levaron a cabo estas excavacións e cales foron os seus resultados.

O arqueólogo propón ó lector unha visita alternativa destacando os megalitos de Outeiro de Cavaladre, Casiña da Moura e Casola do Foxo.

Coñecida é tamén a mansión viaria de "Aquis Querquernis", ó pé do encoro das Conchas. Neste caso o artigo é de Tomás Vega Avelaira, quen nesta aportación fai un estudio profundo dos restos atopados e danos un avance das últimas investigacións sobre o tema.

En relación coa arqueoloxía está o campo da recuperación ou máis ben da posta en valor de elementos da nosa tradición, como poden ser vellos oficios e antigas estruturas. Así temos estupendos artigos sobre os oficios, xa casi perdidos, dos telleiros, escrito por Ángel Cerrato, ou dos canteiros, escrito por Pepe Calleja. Pero non por perdidos temos que esquecelos xa que reflexan moitos dos valores da nosa propia personalidade coma pobo.

Para por en valor os elementos do noso pasado é necesario un profundo coñecemento desas estruturas tanto fisicamente coma na súa influencia social no tempo. Isto é precisamente o que fai Manuel Seoane Feijoo amosándonos o funcionamento do muiño que tanta importancia tivo na nosa terra. O funcionamento do muiño queda perfectamente explicado con axuda de boas representacións gráficas que son de moita utilidade ó lector. O remate do artigo faise un chamamento para que os muiños sexan conservados e formen parte da paisaxe.

En definitiva podemos apuntar que é unha publicación enfocada dende a seriedade e cunha boa base científica pero non por eso dirixida a unha elite intelectual senón destinada a todo tipo de lectores. Se ben pode resultar dun interés especial ós "limaos" non deixa de interesar tamén a calquera persoa preocupada polo coñecemento das tradicións e da cultura do noso pobo. Esta publicación é unha reflexión para que valoremos o que nos rodea e o que forma parte da nosa cultura. É un precioso exercicio de fusión de diferentes aspectos do coñecemento dunha comarca concreta, por eso sería interesante ampliar este tipo de publicacións a outras comarcas.